


# Manual do Sistema de Garantía de Calidade

## Facultade de Matemáticas

**3ª edición**



### Identificación do centro

<b>Centro</b>	Facultade de Matemáticas
<b>Responsable</b>	María Elena Vázquez Cendón
<b>Enderezo</b>	Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n. - Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
<b>Correo electrónico</b>	<a href="mailto:zmatdeca@usc.es">zmatdeca@usc.es</a>
<b>Teléfonos</b>	Conserxería: 881813219 Secretaría: 881813130

### Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
01	11/11/2013	Versión inicial
02	19/12/2014	Modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC
03	19/12/2019	Revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos.

### Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Adaptado por	Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas	30/05/2018
Aprobado por	Xunta de Facultade de Matemáticas	13/12/2019
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	19/12/2019

## Índice

<b>1</b>	<b>A Facultade .....</b>	<b>3</b>
1.1	Presentación .....	3
1.2	Organigrama.....	4
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia. ....	4
1.4	Regulamentos e normas .....	7
<b>2</b>	<b>Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.....</b>	<b>7</b>
<b>3</b>	<b>Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade .....</b>	<b>8</b>
3.1	Equipo decanal (ED) .....	8
3.2	Comisión de Calidade do Centro (CCC) .....	8
3.3	Responsable de calidade do centro (RCC) .....	9
3.4	Comisión/s de título/s.....	9
3.5	Coordinador/a de título (CT) .....	11
3.6	Coordinador/a de Calidade .....	11
<b>4</b>	<b>Mapa de procesos .....</b>	<b>12</b>
<b>5</b>	<b>Indicadores e informes .....</b>	<b>14</b>
<b>6</b>	<b>Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit.....</b>	<b>15</b>
	<b>Anexo I. Política de calidade .....</b>	<b>16</b>

## 1 A Facultade

### 1.1 Presentación

Os estudos de matemáticas na USC son relativamente recentes, se pensamos que a propia Universidade conta con máis de cincocentos anos de historia. Se ben as matemáticas estiveron presentes na USC dende, cando menos, mediados do século XVIII (época na que existía a cátedra de “*Ars Mathematicae*”), terase que agardar ata a segunda metade do século XX para o establecemento de estudos conducentes a un título de matemáticas.

A Sección de Matemáticas creouse no curso 1957-1958 (BOE de 22 de outubro de 1957), dentro da Facultade de Ciencias, que á súa vez, creárase no ano 1845 e que xa contaba coa Sección de Química dende o ano 1922. Posteriormente, tamén acollería a Sección de Bioloxía, a partir do curso 1966-1967, e a Sección de Física, dez anos despois desta última. A Facultade de Matemáticas constitúese como tal polo decreto regulador do 14 de outubro de 1977 (BOE de 11 de novembro do mesmo ano). Con todo, non é ata mediados dos anos oitenta do pasado século que a Facultade de Matemáticas, xunto coas Facultades de Bioloxía e Física, abandona o edificio da Facultade de Ciencias, que dende o ano 1961 era o edificio que hoxe ocupa a Facultade de Química, e pasa á súa situación actual. Nesta etapa tivo especial relevancia o Colexio Universitario de Lugo, que albergou unha Sección de Matemáticas dende o ano 1972, ata a súa supresión no curso 1997-1988. Alí impartíanse os tres primeiros cursos da Licenciatura en Matemáticas.

A división da Facultade nos Departamentos de Álgebra, Análise Matemática, Estatística e Investigación Operativa, Matemática Aplicada e Xeometría e Topoloxía levouse a cabo coa implantación da Lei de reforma universitaria no curso 1985-1986. Resulta destacable o feito de que ata o momento da segregación das universidades galegas no ano 1989, estes departamentos aportaban profesorado para os sete campus universitarios de Galicia. O un de marzo de 2016 redefiníronse os departamentos na USC, o resultado na Facultade de Matemáticas foi a constitución do que finalmente recibiu o nome de Departamento de Matemáticas, que pasou a integrar os Departamentos de Álgebra e o de Xeometría e Topoloxía, e o Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización, que pasou a integrar o Departamento de Análise Matemática e o de Estatística e Investigación Operativa. Os tres departamentos con sede no centro son actualmente: Departamento de Estatística, Análise matemática e Optimización, coas áreas de coñecemento de Análise Matemática e Estatística e Investigación Operativa; o Departamento de Matemática Aplicada, coas áreas de coñecemento de Astronomía e Astrofísica, e Matemática Aplicada; e o Departamento de Matemáticas coas áreas de coñecemento de Álgebra e Xeometría e Topoloxía.

Os estudos da Licenciatura en Matemáticas contaron con, cando menos, cinco plans formativos, sendo o último deles do ano 2000 (BOE de 16 de marzo de 2001). Este plan estruturábase en créditos e cuatrimestres, permitindo obter o título de Licenciada/o en Matemáticas coas orientacións de Estatística e Investigación Operativa, Matemática Aplicada e Matemática Pura. Foi este plan o que precedeu ao Grao en Matemáticas, implantando no curso 2008-2009 como consecuencia da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Desde o curso 2015-2016 implantáronse os grados simultáneos en Matemáticas e en Física, e en Enxeñaría Informática e en Matemáticas.


Ademais do Grao en Matemáticas, na Facultade impártese o Máster en Matemática Industrial (dende o 2013-2014, como continuación do Máster en Enxeñaría Matemática, que foi impartido desde o curso 2006-2007 ata o 2013-2014), o Máster en Técnicas Estatística (implantado no curso 2007-2008 que no curso 2019-2020 inicia a segunda edición) e o Máster en Matemáticas (dende o curso 2009-2010). O Máster en Técnicas Estatísticas é impartido polas tres universidades galegas e o Máster en Matemática Industrial está impartido polas tres universidades galegas, a Universidad Carlos III e a Universidad Politécnica de Madrid. Os dous títulos

interuniversitarios están coordinados pola USC. Todos os títulos impartidos poden consultarse neste [enlace](#) do Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT).

## 1.2 Organigrama

O Equipo Decanal (ED) da Facultade de Matemáticas está composto por:

- A/O decana/o.
- A/O vicedecana/o (ou vicedecanos/as).
- A/O secretaria/o.



## 1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

Os órganos de goberno da Facultade de Matemáticas son a/o decana/o, a/o(s) vicedecana/o(s), a/o secretaria/o, a Xunta de Facultade, dotada de comisións delegadas e outras comisións específicas para a asistencia nas súas funcións. Descríbese a continuación a composición e competencias dos distintos órganos de goberno.

### Equipo decanal

O Equipo Decanal, atendendo ao RRI, está integrado por:

- A/O decana/o
- A/O vicedecana/o (ou vicedecanos/as)
- A/O secretaria/o

As persoas elixibles para estes cargos veñen especificadas nos Estatutos da USC.

### Funcións

A/O decana/o, segundo se indica nos Estatutos da USC, representa á Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos. As competencias da/o decana/o veñen recollidas nos Estatutos da USC.

As/Os vicedecanas/os serán nomeados polo reitor/a, a proposta do decana/o entre os membros da comunidade universitaria pertencentes á Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da USC. Corresponde a os vicedecanas/os coordinar, dirixir, baixo a autoridade do decana/o, as áreas de competencia que este/a lle asigne, sen prexuízo de que as funcións técnicas ou administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. Se houbera varios vicedecanatos, a/o decana/o designara ao seu substituto para os casos de ausencia, enfermidade ou imperativo regulamentario.

A/O secretaria/o da Facultade é quen da fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomende a/o decana/o ou as que lle correspondan segundo a lexislación vixente, os Estatutos da USC ou o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas.

### **Xunta de Facultade**

A Xunta da Facultade de Matemáticas, segundo o establecido nos Estatutos da USC, é o órgano colexiado de goberno do centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa a labor dos seus órganos de dirección e xestión. A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en Comisión Permanente. Tamén poderá dotarse de comisións delegadas (que se describen a continuación), estables ou conxunturais, que a asesoren e asistan as súas funcións.

A composición do pleno da Xunta de Facultade de Matemáticas de acordo cos Estatutos da USC é a seguinte:

- A decana ou decano, que a convocará e presidirá.
- As vicedecanas e/ou vicedecanos.
- A secretaria ou o secretario, que o será tamén da Xunta.
- A/O responsable da unidade de xestión de centro e departamentos.
- A directora ou director da biblioteca da Facultade.
- O seguinte persoal docente e investigador (PDI) e persoal investigador en formación (PIF) con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
  - Todo o profesorado con vinculación permanente á USC, que representará o 51%.
  - O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta. De acordo cos Estatutos da USC, a representación do persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá exceder o 5% do total de membros da Xunta.
- Unha representación do estudantado de grao e máster do 32%. O estudantado de grao suporá o 25% e o estudantado de máster o 7%.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

Todas/os as/os representantes elixidas/os serano por dous anos, excepto as/os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que foi elixido. Para todo o relativo á elección de representantes na Xunta de Facultade, estarase ao establecido nos Estatutos e no Regulamento Electoral Xeral da USC.

Ademais, á Xunta de Facultade deberán ser convocados, con voz pero sen voto, e sempre que o soliciten, todo o PDI que imparta docencia no centro e non pertencen á mesma.

De acordo cos Estatutos da USC, son funcións da Facultade as seguintes:

- A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas compartidas por varios centros.
- A organización e a xestión dos servizos docentes que lle correspondan.
- A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro, das prácticas tuteladas externas contempladas nos plans de estudos e a participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.
- A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- A promoción de programas de intercambio.
- A promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
- A realización das actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.
- A administración dos espazos, servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.
- coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.
- A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.

### **Comisións delegadas de Xunta de Facultade**

As comisións delegadas (CD) son instancias de asesoramento, que actúan por delegación da Xunta da Facultade que creará as que estime oportunas. A súa función é emitir informes, coordinar, estudar, elaborar propostas de carácter operativo ou resolver os asuntos que o Regulamento de Réxime Interno da Facultade ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden.

Sen prexuízo de outras comisións específicas, creadas pola Xunta na forma que determine para tratar temas concretos, créanse as seguintes comisións da Xunta de Facultade de Matemáticas:

- Comisión Permanente
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Título do Grao en Matemáticas

### **Outras comisións**

- Comisión de Calidade (composición e funcións no capítulo 3)
- Comisión de Economía, Infraestruturas, Administración e Servizo
- Comisión de Igualdade
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Tecnoloxías da Información e a Comunicación
- Outras comisións que poidan crearse ao abeiro de novas normas ou procedementos

### **Departamentos con sede na Facultade de Matemáticas**

Os departamentos con sede na Facultade de Matemáticas, e que participan na docencia dos distintos títulos do centro, son:

- Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
- Departamento de Matemática Aplicada
- Departamento de Matemáticas

Tamén imparten docencia na Facultade de Matemáticas outros departamentos que non teñen sede no centro, tanto no Grao en Matemáticas como nos distintos mestrados.

## 1.4 Regulamentos e normas

Os regulamentos e normas existentes na Facultade de Matemáticas son:

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas (aprobado pola xunta de Facultade o 15 de maio de 2018 e ratificado polo Consello de Goberno do 9 de novembro de 2018).
- Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao en Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado pola Xunta de Facultade de Matemáticas do 4 de decembro de 2013, estase a redactar unha nova normativa).
- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas e outras específicas.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos con sede na Facultade.
- Regulamentos de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Técnicas Estatísticas.
- Memoria de verificación do Grao en Matemáticas.
- Memoria de verificación do Máster en Matemática Industrial.
- Memoria de verificación do Máster en Matemáticas.
- Memoria de verificación do Máster en Técnicas Estatísticas.

## 2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas ao centro.

En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

### Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da “Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA”



### 3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

#### 3.1 Equipo decanal (ED)

O equipo decanal da Facultade de Matemáticas, e en particular a/o súa/seu decana/o como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE), de existir, e a memoria de calidade do centro (MCC). A MCC é un elemento da planificación estratéxica que recolle a revisión do funcionamento do sistema, así como os plans anuais de melloras do centro e dos títulos.
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, orientando a súa planificación estratéxica para darlles cumprimento e difundindo os obxectivos marcados entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que a/o decana/o non asuma as competencias.
- Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións de título, unha vez oídas as propostas das propias comisións. No caso dos títulos interuniversitarios proporá os membros da USC que formarán parte das comisións atendendo ao convenio do propio título para a aprobación dos restos dos membros.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC) así como calquera outra documentación

#### 3.2 Comisión de Calidade do Centro (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCC:

- A/O decana/o, quen convocará e presidirá
- A/O Responsable de calidade do centro (RCC), no caso de que sexa diferente do cargo anterior
- Coordinador/a de calidade de ser o caso
- Os/as coordinadores/as das titulación/s de grao e mestrado impartidos na Facultade
- A persoa responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos
- As/Os directoras/es de departamento con sede na Facultade
- Un/ha estudante elixido por e de entre os membros deste sector da Xunta de Facultade.
- Ademais, a/o decana/o cando o considere oportuno poderá invitar a outras persoas á reunión da Comisión para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto

A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro
- Realizar o seguimento dos resultados do centro
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título

### 3.3 Responsable de calidade do centro (RCC)

A/O decana/o asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/ha responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo decanal. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas da/o RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser a/o interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

### 3.4 Comisión/s de título/s

Todos os títulos impartidos na Facultade de Matemáticas (Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas) contan cunha Comisión de Título propia. As comisións de título rexeranse polo Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado da Universidade de Santiago de Compostela. Respecto aos mestrados, cando estes sexan interuniversitarios, é recomendable que todos os membros das Comisións dos Títulos sexan, membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Título, nos termos que estableza no convenio.

#### Membros da Comisión de Título do Grao en Matemáticas

- A/O decana/o ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- A coordinadora ou coordinador académica/o do título que será PDI do título.
- Unha/Un secretaria/o, que será elixida/o entre os membros da comisión.

- A/O responsable de calidade do centro (RCC).
- A/O responsable Académica/o de Mobilidade (RAM).
- A/O responsable da unidade de xestión de centro e departamentos da Facultade.
- Unha representación do PDI e do estudiantado da Xunta de Facultade distribuída do seguinte xeito:
  - a) As/os directoras/es de departamento con sede no Centro.
  - b) Unha/un representante por cada unha das áreas de coñecemento de departamentos con sede no centro e tales que o número de créditos que estas impartan no título de Grao en Matemáticas sexa superior ó 10% do número de créditos de que consta este. No cómputo anterior, non se contabilizarán os TFGs nin as prácticas en empresas. As/os mencionadas/os representantes serán propostas/os polo departamento.
  - c) Un PDI/PIF membro da Xunta de Facultade en representación das áreas de coñecemento de departamentos sen sede no centro, se os houbese, e das áreas que, estando nun departamento con sede no centro, non figuren incluídas no apartado b). A/o representante será elixida/o na Xunta de Facultade por e de entre os membros deste sector.
  - d) Tres estudantes matriculadas/os no Grao en Matemáticas que sexan membros da Xunta de Facultade, elixidos por e de entre os membros deste sector.

A renovación da comisión do título efectuarase cada catro anos, coincidindo preferentemente coa renovación da Xunta de Facultade. A renovación da representación do alumnado farase cando se renove a súa representación na Xunta de Facultade.

#### **Membros da Comisión de Título de mestrado:**

- A/O decana/o (presidente/a da Comisión)
- A coordinadora ou coordinador académica/o do título que será PDI do título.
- Unha/Un secretaria/o, que será elixida/o entre os membros da comisión.
- A/O responsable de calidade do centro (RCC).
- Membros do PDI con docencia na titulación independentemente do seu réxime de dedicación.
- A/O responsable da unidade de xestión de centro e departamentos da Facultade.
- Un/ha estudante da titulación.

No caso de mestrados interuniversitarios estarán representadas na comisión do título do mestrado todas as universidades que comparten o título.

As comisións de título velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no regulamento de réxime interno dos centros ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada pola/o coordinador/a do título e a/o RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- Elevar a Xunta de Facultade a proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

### 3.5 Coordinador/a de título (CT)

As/Os coordinadoras/os de título serán as/os responsables do título de grao ou mestrado, e serán nomeadas/os pola/o reitor/a da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

### 3.6 Coordinador/a de Calidade

Será a persoa nomeada polo decano/o entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro. Esta figura é opcional.

## 4 Mapa de procesos

O SGC concrétase en 8 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel da Facultade concrétase en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

### Nivel institucional

#### Procesos institucionais

- PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas
- PI-02 Auditoría interna
- PI-03 Xestión dos recursos humanos
- PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos
- PI-05 Xestión documental
- PI-06 Medición e mellora
- PI-07 Xestión de incidencias (SQR)
- PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades

### Nivel de centro

#### Procesos estratéxicos

##### Planificación

- PE-01 Planificación estratéxica
- PE-02 Revisión e mellora

#### Procesos clave

##### Organización e desenvolvemento dos programas

- PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación
- PC-02 Planificación das ensinanzas
- PC-03 Apoio a estudantes
- PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
- PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

#### Procesos de soporte

##### Xestión dos recursos

- PS-01 Xestión dos recursos humanos
- PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

##### Xestión de apoio ao sistema


- PS-03 Xestión documental
- PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

##### Información pública e transparencia

- PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

### MAPA DE PROCESOS



## 5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

## 6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					Información pública
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
Procesos institucionais	PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas		X	X	X	X	X
	PI-02 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-03 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PI-05 Xestión documental						X
	PI-06 Medición e mellora	X	X	X	X	X	X
	PI-07 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X



## Anexo I. Política de calidade

A Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) asume o necesario compromiso que un centro de referencia debe ter para garantir a calidade dos seus programas, formando a profesionais altamente cualificados, capacitándoos para dar resposta aos retos sociais do presente e do futuro.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión **eficaz** dos seus recursos, tanto materiais como humanos, compartindo coñecementos e experiencias para sustentar a mellora continua como elemento clave e estratéxico, establecendo un compromiso de máxima **eficiencia** cos seus grupos de interese.

A Facultade de Matemáticas quere ser recoñecida no contexto universitario e social nacional e internacional por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada e actualizada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, fomentando a capacidade crítica e de aprendizaxe do seu alumnado e garantindo as mellores condicións de desenvolvemento profesional (no marco das súas competencias) ao seu persoal docente, investigador e de servizos e rendendo contas dos investimentos realizados e da optimización dos seus recursos.

A Facultade de Matemáticas dirixe os seus esforzos a identificar e satisfacer as necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, e en especial do seu alumnado, poñendo ao seu dispor os recursos técnicos, económicos e humanos cos que conta; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo. Con tal obxectivo, a Facultade de Matemáticas fomentará a organización e a participación dos seus membros en distintas actividades que permitan mellorar e ampliar as competencias do seu alumnado e xerar e potenciar unha contorna colaborativa no seo da Facultade, da Universidade e coa sociedade en xeral.

Por todo iso, a Facultade de Matemáticas adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

**Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos seus grupos de interese e da sociedade en xeral.

**Integración, participación e igualdade:** a Facultade de Matemáticas establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

**Orientación ao alumnado:** este centro garante en todos os seus programas formativos a orientación ao alumnado entendendo que é o principal receptor deste.

**Excelencia:** o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.

**Transparencia:** Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

O equipo decanal desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a decana subscribe este documento de política de calidade o día 11 de decembro de 2019

Sinatura da decana